

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 2 de abril de 2019, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global que executarán as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede á súa convocatoria.

Conforme o establecido no artigo 25 da Orde do 2 de abril de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global que executarán as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e procédese á súa convocatoria, unha vez ultimada a concesión de axudas, publicárase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das concedidas, con indicación das entidades beneficiarias, contía e finalidade.

Na súa virtude,

RESOLVO:

Publicar no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas por Resolución do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea do 19 de xullo de 2019, de conformidade coa Orde do 2 de abril de 2019 (DOG núm. 77, do 23 de abril), para a execución de:

– 14 proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global que executarán as organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento (ONGD), por un importe global dun catrocentos setenta e nove mil douscentos cincuenta e seis euros con oitenta e catro céntimos (479.256,84 €), nas contías, beneficiarios e finalidade, que se relacionan no anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2019

Jesús Gamallo Aller
Director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea





ANEXO

Axudas para proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

Nº expte.	Entidade solicitante	Denominación proxecto	Orzamento total	Subvención solicitada	Subvención proposta		
					Ano 2019	Ano 2020	Total
2019/12	Fundación Axuda en Acción agrupada Entreculturas, Educo y Taller de Solidaridad	Campaña Mundial pola Educación 2020 en Galicia.	47.500,00	45.000,00	18.000,00	27.000,00	45.000,00
2019/18	Asamblea de Cooperación por la Paz agrupada con Agareso	Melloras das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universidades galegas.	47.530,00	45.000,00	18.000,00	27.000,00	45.000,00
2019/4	Agareso	Melloras das capacidades de reflexión crítica e de xeración de produtos educomunicativos do alumnado e do profesorado de secundaria de Ames, Bueu, Silleda, Viana do Bolo e Brión.	37.096,00	34.991,00	13.996,40	20.994,60	34.991,00
2019/7	Asoc. Solidariedade Internacional de Galicia	Horizonte 2030: construíndo liderados positivos para unha xuventude galega transformadora. Fase III: da acción á transformación.	37.623,00	34.731,00	13.892,40	20.838,60	34.731,00
2019/17	Arquitectos sin Fronteras-Demarc. Galicia	Investigación-acción-formación para fortalecer a educación e a integración do dereito ao hábitat en centros educativos de secundaria e entre axentes multiplicadores clave en Galicia. Fase I.	39.060,00	34.860,00	13.944,00	20.916,00	34.860,00
2019/5	Fundacion Interred-Galicia	De Ítaca a Avalón: da igualdade na educación á coeducación para a transformación social e polo dereito a unha vida libre de violencias machistas. Fase I.	38.169,92	34.971,32	13.988,53	20.982,79	34.971,32
2019/6	Asoc. Solidariedade Internacional de Galicia agrupada UDC	Investigando no territorio para coñecer e recoñecer os centros educativos que traballan educación para o desenvolvemento e cidadanía global en Galicia. Fase II.	46.377,67	43.377,67	17.351,07	26.026,60	43.377,67
2019/13	Fundación Taller de Solidaridad	Adestro conciencia: deporte, comercio xusto e consumo responsable comparten valores en Galicia. Fase III.	41.787,09	31.869,65	12.747,86	19.121,79	31.869,65
2019/20	Ecos do Sur agrupada USC	Outra Historia-Oh!!	30.640,54	27.607,44	11.042,98	16.564,46	27.607,44
2019/1	Amigos da Terra Galicia-Xuventude	Fortalecemento da rede de eco hortas escolares.	19.020,00	18.020,00	7.208,00	10.812,00	18.020,00





Nº expte.	Entidade solicitante	Denominación proxecto	Orzamento total	Subvención solicitada	Subvención proposta		
					Ano 2019	Ano 2020	Total
2019/8	Fundac Entreculturas Fe y Alegría	Rede solidaria da mocidade: cidadanía global, empoderamento e participación para o cambio social dos grupos solidarios no curso 2019/20.	42.321,00	35.000,00	14.000,00	21.000,00	35.000,00
2019/14	Manos Unidas	Fame cero: formación, participación e mobilización educativa polo dereito humano á alimentación no marco dos ODS. Fase II.	44.080,00	35.000,00	14.000,00	21.000,00	35.000,00
2019/3	Enxeñería sen Fronteiras Galicia	Coidadoras da terra creando pontes entre a sociedade civil do Golfo de Fonseca (Honduras) e de Galicia na protección do territorio como sustento de vida.	28.150,00	25.000,00	25.000,00	0,00	25.000,00
2019/21	Farmacéuticos Mundi agrupada USC	Construíndo cidadanía global para a transformación social a través da aprendizaxe-servizo (APS).	53.000,00	45.000,00	6.828,76	27.000,00	33.828,76
Total			552.355,22	490.428,08	200.000,00	279.256,84	479.256,84